

do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2023/1115 no que atinxe determinadas obrigacións dos operadores e comerciantes [COM (2025) 652].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1°. Trasladar o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2°. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3°. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia do 3 de novembro de 2025 pola que se fixan a data, a hora e o lugar da realización do sorteo para determinar a orde de actuación das persoas aspirantes para os procesos selectivos de ingreso que se realicen durante o ano 2025 e que non teñan asignada unha letra nas bases de convocatorias previas.

De conformidade co establecido na normativa aplicable ao Parlamento de Galicia en materia de selección do seu persoal, cómpre realizar, previamente á convocatoria dos procesos de selección e con validez para todos eles, o sorteo público no que se determinará a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos de selección de emprego público do Parlamento de Galicia que se realicen durante o ano 2025 e que non teñan asignada unha letra nas bases de convocatorias previas, debendo recollese o resultado do devandito sorteo en cada convocatoria.

En consecuencia, esta Presidencia resolve realizar o mencionado sorteo en acto público o día 7 de novembro de 2025 ás 10.00 horas, no despacho do letrado oficial maior do Parlamento de Galicia. Esta resolución publicarase na páxina web e mais no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2025.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente